

## Enquisa de bovino. Ano 2003 COMUNICADO

---


### Invírtese a tendencia no sector do vacún

#### Aumento do número de explotacións e diminución dos efectivos

Por primeira vez dende que se empezou a elaborar esta enquisa (ano 1992) frénase a desaparición de explotacións de vacún. Na última década pasárase de preto de 100.000 explotacións con algunha vaca ás 58.839 do ano 2002. A enquisa do 2003 reflicte un lixeiro aumento ata chegar ás 59.337 explotacións. Este dato aparentemente positivo contrasta, sen embargo, cun descenso (tamén por primeira vez en dez anos) do número de vacas. Polo que se deduce unha diminución nas explotacións. Así o nº medio de vacas por explotación nesta comunidade pasa das 10,76 no 2002 ás 9,95 no 2003. Comparando nestes dous anos a distribución das explotacións por estrato de nº de vacas, detéctase un proceso de redimensionamento das explotacións, cun descenso do nº de explotacións nos estratos meirandes (explotacións con máis de 20 vacas) e un aumento nos estratos medianos e familiares.

O descenso do número de vacas é, en realidade, un descenso de vacas de muxidura, xa que o número de vacas que non se moxen mantense dende o ano 2002. Analizando estes datos por provincias obsérvase que onde se produce un maior descenso é naquelas cun maior número de efectivos (A Coruña e Lugo), namentres que en Pontevedra mesmo aumentou lixeiramente.

#### VACAS DE MUXIDURA




En termos de superficie (prados, cultivos e montes), non se producen variacións significativas na dimensión das explotacións dende o ano 2000.

No eido económico, cabe sinalar que os investimentos aumentaron de maneira moi significativa no 2003 pasando dun investimento medio por explotación de 13,03 miles de euros no 2002 a mais de 16 miles de euros no 2003 (sen contar as compras de vacas e xovencas). A explicación atópase na liberalización do mercado da cota láctea, o que provocou un incremento das operacións de compra-venda e un aumento de prezos.

### O sector de bovino ingresa preto de 900 millóns de euros

A meirande parte desta cifra corresponde a ingresos por vendas de leite, mentras que os ingresos por venda de bovinos son 167 millóns de euros.

No que refire aos gastos de explotación ascenden aos 264 millóns de euros, un 66% dos cales corresponden a pensos e forraxes:



### Descenso da produción de leite

A produción de leite no período setembro-outubro-novembro de 2003 descendeu respecto ao mesmo período do 2002, obviamente como consecuencia da diminución do número de vacas de muxidura. A produtividade de cada vaca mantense mais ou menos en 1300 litros de media en Galicia no devandito período. A única provincia que aumentou a produción de leite é Pontevedra.

---

#### Para máis información:

##### Publicacións relacionadas (opcional)

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 FAX: 981.54.13.23  
 Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
 e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)